

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1HN	<i>Expediente</i> CON/39/2019	<i>Fecha</i> 14-08-19 13:30

Número 4 .- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020.

*Destinatario*

15078DCMG13I1HNx



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 14 de agosto de 2019, adoptou o seguinte acordo:

**4.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN RELATIVA AO SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2019-2020.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade, de data 6.agosto.2019, así como do informe nº 721/2019 con observacións, da viceinterventora, de data 14.agosto.2019.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Noa Susana Díaz Varela, concelleira delegada de educación, mocidade, políticas de igualdade e políticas lingüísticas, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019

**EXPÓN:**

1. Con data 2 de agosto de 2019, a técnica do departamento de educación emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG13I1HN	CON/39/2019	14-08-19 13:30

educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020.

2. Con data 5 de agosto seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 6 de agosto, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que *"o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación"*.

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020**, así como a aprobación

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311HN	<i>Expediente</i> CON/39/2019	<i>Fecha</i> 14-08-19 13:30

do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un gasto máximo de **949.863,64 euros** IVE aparte.

O IVE correspondente (10% da cantidade anterior) ascende a 94.986,36 euros.

Defínese un prezo máximo para o almorzo de 2,10 euros e de 5,88 euros para o xantar, cantidades ás que haberá que engadir o IVE.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **080 32601 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 114.994,44 euros.

Anualidade 2020: 929.855,56 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Aprobar o expediente denominado "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020", así como aprobar o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un gasto máximo de 949.863,64 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (10% da cantidade anterior) ascende a 94.986,36 euros.

Defínese un prezo máximo para o almorzo de 2,10 euros e de 5,88 euros para o xantar, cantidades ás que haberá que engadir o IVE.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **080 32601 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311HN	<i>Expediente</i> CON/39/2019	<i>Fecha</i> 14-08-19 13:30

condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 114.994,44 euros.

Anualidade 2020: 929.855,56 euros.

A CONCELLEIRA SECRETARIA SUBSTITUTA DA XUNTA DE GOBERNO DA  
CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Marta Abal Rodríguez

